



O sentido do abraio

A celebración da natureza para persoas de todas as idades

Rachel Carson

2ª EDICIÓN

978-84-127425-6-5 | Encadernación rústica cosida |
21,5×15,2×1,2 cm | 56 páxs. | Divulgación | 17 €
4v0044

ecoloxía; natureza; crianza alternativa; educación;
aprendizaxe; Carson

Xuntando dúas das cinco liñas editoriais de Catro Ventos, ecoloxía e educación alternativa, publicamos en galego este ensaio da escritora e bióloga mariña Rachel Carson (1907-1964). Autora de obras fundamentais para o ecoloxismo moderno como *Primavera silenciosa* (1962).

Primavera silenciosa foi publicada en galego en 2015 polo Servizo de Publicacións da USC en tradución de Juan J. Casares Long. Con *O sentido do abraio* ampliamos o catálogo galego desta autora e científica fundamental para o noso tempo. Pioneira en case todo o que se propuxo, ofrecemos a que sen dúbida é a súa obra máis persoal e transcendente.

Na publicación orixinal na revista *Women's Home Companion* (1956), *O sentido do abraio* ía dirixido a nais e pais. Animábaos a explorar a natureza coas súas crianzas a fin de cultivaren xuntos o sentido do abraio. Esta obra é a base dun proxecto moi persoal da autora que había converterse no que ela denominaba *O libro do abraio*.

**A celebración da natureza
para persoas de todas as
idades.**



Carson faleceu antes de poder darlle a forma esperada, pero o espírito e a súa teima persoal están aquí. Como explorar e conservar durante toda a vida a capacidade do abraio é unha batalla que, segundo ela, só se gaña ou perde na infancia.

Rachel Carson

Rachel Louise Carson (1907-1964). Nada en Springdale (Pensilvania, EUA), Carson licenciouse en Bioloxía coa especialidade de Ciencias do Mar. Ocupou distintos postos profesionais no Departamento Federal de Pesca dos EUA. Como autora dedicouse á divulgación científica e as súas obras contribuíron a sentar as bases da conciencia ambiental e do ecoloxismo moderno. Especialmente coa publicación en 1962 de *Silent Spring* (*Primavera silenciosa*, 2015), en que denuncia o uso indiscriminado dos praguicidas, en especial do DDT. Tamén acadaron grande éxito as obras que conforman a denominada «triloxía do mar»: *Under the Sea Wind* ('Baixo o vento do mar', 1941), *The Sea Around Us* ('O mar que nos rodea', 1951) e *The Edge of the Sea* ('O borde do mar', 1955).

